

25 de NOVIEMBRE
DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA
RECORTAR RECURSOS É ATENTAR CONTRA A IGUALDADE

Para a Marcha Mundial das Mulleres, plataforma feminista internacional, o exercicio da violencia de xénero, día a día, non é só e unicamente o noso asasinato e o noso maltrato físico e psicolóxico de mans do maltratador. Esta é a face máis dramática porque nos tira a vida. O maltratador mata, vexa, denigra, priva de liberdade, abusa, ...

Mais tamén exerce violencia de xénero quen propaga ideas e conceptos que perpetúan os valores patriarcais; quen legisla en contra dos dereitos das mulleres ou non vela polo cumprimento integral das leis existentes; quen priva as mulleres dos recursos para a igualdade, e nega a utilidade das accións e políticas para acadala; quen actúa con hipocrisía ao indignarse cada vez que nos asasinan e nos insultan e desprezan tanto no ámbito privado coma no público; en definitiva, quen nos trata como obxectos e non suxeitos de dereito e cidadás.

Polo tanto, promoven a violencia de xénero contra todas as mulleres os organismos e institucións que dan azos á perpetuación dos valores patriarcais:

- Ao valor da familia tradicional, en que as mulleres só podemos ser nais, convertendo a maternidade no único fin social para o que sermos educadas.
- Ao valor da sexualidade pasiva, para non darnos ocasión para exercer os nosos dereitos sexuais e reprodutivos.
- Á idea da reclusión no traballo dos coidados e no ámbito do privado, para impedir a autonomía económica das mulleres e a nosa participación social na toma de decisións.

Quen colabora na perpetuación dunha sociedade patriarcal, sexa goberno ou oposición, organización social pública ou privada, igrexa ou estado, está pondo as bases para que se siga torturando e asasinando as mulleres.

Cando coa escusa do benestar común se responsabiliza da baixa natalidade ás mulleres, en vez de corresponsabilizárense as institucións na creación dos recursos precisos para que as mulleres poidan exercer a maternidade libre e reponsabelmente e poidan acceder ao mercado laboral en igualdade.

Cando se fala de crise do modelo tradicional de familia, sabendo que este modelo está baseado na subordinación das mulleres.

Cando se obvian a propósito outros modelos de convivencia e se queren legalmente asimilar ao modelo heteronormativo.

Cando se fala dos dereitos dos non natos para que non poidamos exercer os nosos dereitos reprodutivos.

Cando se fala da tradición para pór en positivo os valores que historicamente xustificaron o exercicio da violencia contra as mulleres.

Por iso, o feminismo nestes tempos de crise da igualdade ten que apostar máis que nunca por avanzar nunha nova sociedade igualitaria na que non teña cabida a violencia de xénero e comezamos por denunciar os ámbitos nos que se deben tomar medidas para tratar de atallala.

Denunciamos o ámbito institucional, pois permite o abandono dos recursos para a atención ás persoas dependentes e a corresponsabilidade argumentando que se reducen os recursos económicos, e permite a eliminación dos recursos para a igualdade, "menosprezando" a necesidade de seguir avanzando na acción positiva a prol das mulleres.

Denunciamos o ámbito educacional, que non promove estratexias educativas serias que abran a porta a novos valores sociais desde a escola, e para a igualdade.

Denunciamos o ámbito familiar, cando permite que se atribúan calidades falsas á familia chamada tradicional e se esquece a propósito a necesidade de configurar novos modelos de convivencia en igualdade.

Denunciamos a utilización intencionada da figura dos nosos fillos e fillas para empregalos como escusa para propagar unha imaxe manipulada da maternidade, e de esquecer que tamén padecen a violencia de xénero.

Denunciamos a complicidade programada, fomentada e procurada desde as instancias do poder político, das organizacións pro-vida para recortar os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e exercer presión sobre as mulleres que se vén na situación de ter que abortar.

Non podemos consentir que en nome da tradición, a familia e os dereitos da infancia se sacrifiquen os dereitos conseguidos, os logros alcanzados polas mulleres e se pretenda restrinxir a nosa cidadanía.

Para que non retroceda a cidadanía das mulleres e con isto avance a paso axigantado a violencia machista reclamamos leis igualitarias, perspectiva de xénero nas nosas lexislacións, decisións políticas responsábeis e preservación dos recursos para a igualdade.